



## Concello de Mugardos

Expediente núm.: 743/2024

### ANUNCIO

#### **ASUNTO: APROBACIÓN PRVISIONAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL N.º 30, REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DA FESTA GASTRONÓMICA DO POLBO.**

O Pleno, en sesión ordinaria realizada con data 24.04.2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 30 reguladora do prezo público da festa gastronómica do polbo, publicada no BOP da Coruña núm 123, do 30 de xuño de 2016, nos seguintes termos:

**-Se modifica o texto do artigo 4º Tarifas, que pasa a ter a seguinte redacción:**

#### **Artigo 4.º Tarifas.**

1.As contías polo prezo público que se deben pagar ao Concello pola asistencia á festa gastronómica do polbo son ás seguintes:

Tarifa 4.1.-Entrada ou Ticket ración de polbo:14 euros.

Tarifa 4.2.-Entrada ou Ticket ración de empanada:4 euros.

**-Se modifica o texto da disposición derradeira que pasa a ter a seguinte redacción:**

A presente modificación da ordenanza fiscal, reguladora do prezo público da festa gastronómica festa do polbo, que foi aprobada polo Pleno de este Concello en sesión celebrada o día ---- de ---- de 2024, unha vez aprobada definitivamente, será publicado o texto refundido integramente no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e manteráse en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

**Unha vez introducidas as citadas modificacións o texto definitivo da ordenanza fiscal núm. 30 reguladora do prezo público da festa gastronómica do polbo, publicada no BOP da Coruña núm 123, do 30 de xuño de 2016 , quedaría redactada do seguinte xeito:**

1º) Aprobar provisionalmente a modificación do prezo público da festa gastronómica do polbo e a ordenanza fiscal reguladora do mesmo, cuxo texto é o seguinte:

#### **ORDENANZA FISCAL N°30 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DA FESTA GASTRONÓMICA DO POLBO.**

#### **Artigo 1.º Fundamento.**

De conformidade co previsto nos artigo 127 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo;en relación cos artigos 41 a 47 desta norma e no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais nos artigos 4,49,70.2 e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril,reguladora das bases de réxime local, este Concello establece o prezo público da festa gastronómica do polbo.





## Concello de Mugardos

---

### Artigo 2.º Concepto.

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe un ingreso de dereito público, que se satisfará polos usuarios, que voluntariamente asistan á festa gastronómica do polbo, coa finalidade exclusiva de degustar o produto elaborado conforme a recetas propias da localidade.

### Artigo 3.º Obrigados ao pagamento.

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas físicas ou xurídicas, que asistan á festa gastronómica do polbo organizada polo Concello, a degustar o produto elaborado.

### Artigo 4.º Tarifas.

1.As contías polo prezo público que se deben pagar ao Concello pola asistencia á festa gastronómica do polbo son ás seguintes:

Tarifa 4.1.-Entrada ou Ticket ración de polbo:14 euros.

Tarifa 4.2.-Entrada ou Ticket ración de empanada:4 euros.

### Artigo 5.º Normas de xestión

1. A obriga de pagamento nace desde que se inicie a prestación do servizo ou se realice a actividade.
- 2.Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo, a festa gastronómica non se preste ou desenvolva, procederá á devolución do importe correspondente.

### Artigo 6.º Obriga e lugar de pago.

1. O pago do prezos públicos efectuarase, nas taquillas habilitadas ao efecto á entrada da carpa onde se celebra a festa gastronómica.
2. O pagamento realizarase en efectivo, salvo que se habilite outro mecanismo de pago, e entregarase a correspondente entrada ou ticket xustificativo do pagamento.

### Disposición derradeira

A presente modificación da ordenanza fiscal, reguladora do prezo público da festa gastronómica do polbo, que foi aprobada polo Pleno de este Concello en sesión celebrada o día ---- de --- de 2024, unha vez aprobada definitivamente , será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <http://mugardos.sedelectronica.gal>.





## Concello de Mugardos

---

3º) Considerar, no caso de que non se presenten reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Asinado electrónicamente pola Concelleira Delegado de Facenda e Promoción Económica do Concello de Mugardos ( R.A. 0615/2023 de 26/06/2023 ) , Ana María Varela Bastida , na data que figura no panel de sinaturas.

